

# OS SETE ROSTROS FEMININOS DA POESÍA GALEGA ACTUAL

CULTURAS





**LA VOZ REUNIU NA FUNDACIÓN LUIS SEOANE DA CORUÑA A ALGUNHAS DAS MULLERES QUE SE ATOPAN NA VANGARDA DA CREACIÓN POÉTICA EN GALEGO. YOLANDA CASTAÑO, EMMA COUCEIRO, LUPE GÓMEZ, ANTÍA OTERO, ESTÍBALIZ ESPINOSA, LUCÍA NOVAS E ROSA ENRÍQUEZ EXPOÑEN PARA «CULTURAS» AS SÚAS OPINIÓNS SOBRE O OFICIO QUE AS UNE**

ENPORTADA



De arriba abaixo, dende a esquerda, Rosa Enríquez, Lucía Novas, Lupe Gómez, Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e Antía Otero

## AS POETAS DA VANGARDA

ENTRE A MAIOR E A MÁIS NOVA HAI TRECE ANOS DE DIFERENZA. CONSTITÚEN UN GRUPO HETEROXÉNEO QUE COMBATE TÓPICOS E CUESTIONA A NATUREZA DA POESÍA

estereotipo estético con moito máis peso que o dos seus colegas de sexo masculino. Na actualidade, as poetas parecen estar marcadas por unha aparencia física rompedora, ultramoderna, condenada a ser sempre transgresora; un cliché que convive co do escritor sumido na melancolía. ¿Son esas imaxes que se sosteñan con fundamento? Elas opinan que son tópicos que non teñen nada que ver coa realidade: «Tense unha imaxe da poesía como algo triste. A poesía é algo cotiá; algo que está na vida» (Lupe Gómez); «A poeta non ten por que ter un perfil de sindicato labrego» (Yolanda Castaño); «Mira —engade Rosa Enríquez—, hai unha frase que di “Et per tal variar natura è bella”; ten que haber variedade. Unha muller nin por ser guapa ten que ser tonta, nin por ser fea ten que ser intelixente».

### OS BLOGS

O seu gusto polas novas tecnoloxías lévaas a interesarse pola creación e a lectura dos blogs, os cadernos persoais na Rede. Unha relación, non obstante, agrídoce debido ás críticas e

## LUCÍA NOVAS | GUSTO POLO SENSORIAL



### (Bueu, 1979).

creadora do verso «procuro na sensación a lingua voluptuosa», unha revelación do seu estilo, estudou nos centros públicos de Bueu, no Colexio A Pedra e no instituto Johán Carballeira. Fixo dous cursos de tradución e interpretación e formouse en Filoloxía Galega na Universidade de Vigo. No 2001, publicouse o seu «Epiderme de estío», premio Concello de Carral. Unha das súas frases na conversa: «Confundir a voz do poeta coa persoa, coa biografía, parécese perigoso».

como creador de obras baleiras, sen fondo, é rexeitada polas sete escritoras. «A mensaxe dos poetas ás veces está mediatizada por iso que se pensa preconcebidamente que van dicir», di Couceiro.

### ESCRIBIR EN GALEGO

Como era de esperar, a cuestión lingüística deu pé a un dos momentos máis intensos e controvertidos da conversa. Elas escriben en galego, aínda que varias teñen traducións ao castelán. Esta escolla non vén sempre predeterminada polo nacemento, como pode ser o caso de Lucía Novas. Son galegas, pero non todas teñen o galego como lingua nai, trátase «da lingua literaria que escollemos», advirte Yolanda Castaño.

O feito de escribir nun idioma minorizado aglutina diversas sensibilidade sobre o bilingüismo e as relacións co mercado editorial, e preguntadas sobre se escribir en galego axuda á hora de publicar e abrirse camiño, non todas manifestan unha opinión unitaria. Algunhas observan que en Galicia, obviamente, o idioma abre portas, aínda que outras perciben máis posibilidades no castelán. pola

«As entradas novas» e «(Cito)», colabora como poeta en diferentes publicacións, entre elas a revista virtual «Enfocarte». A súa obra pódese atopar en antoloxías como «Mujeres de carne y verso» e «Antoloxía poética 1990-2003 (Galeusca)». Unha das súas frases: «A mensaxe dos poetas está mediatizada por iso que se pensa preconcebidamente que van dicir».



**(A Coruña, 1974).** Premio de Poesía Espiral Maior e premio Esquíu. Tal como se pode ler na web de The Barcelona Review, esta cantante, actriz e escritora de poemas, contos e artigos, sempre esquece cousas na súa relación de méritos, pero non por modestia, senón por distracción. Unha das súas frases: «Estamos intentando crear de novo a intriga na arte». Curioso o seu blog (<http://estibalizes.blogspot.com/>).

VIENE DE LA PÁGINA ANTERIOR

e foi moi, moi difícil atopala, ou sexa, que non será tan difícil publicar en castelán. Tes máis cobertura nos medios se escribes nese idioma». «O galego estase asociando á lingua da reivindicación e á lingua da cultura, pero a xente que sexa galega e escriba en castelán ten unha chea de territorio fóra de Galicia para publicar», manifesta Castaño.

### ÉXITO TEMPERÁN

Antía Otero, Lucía Novas e Rosa Enríquez son os talentos máis novos do grupo desde unha perspectiva de saída ao mercado. Cren que empezar non é sempre un camiño doado. O recoñecemento chegoulles a idades ben distintas, en circunstancias persoais diferentes. Para ningunha delas o éxito é gratuito

e son conscientes de que forxar unha traxectoria implica asumir as críticas, que chegan tanto ao principio, cando un arranca, como cando un xa leva anos de traballo ás costas, tal é o caso de Yolanda Castaño e Lupe Gómez: «É fácil botarse enriba de rapazas que non teñen a madurez suficiente (nun sentido vital, non poético nin intelectual) e facer unha crítica do que escriben porque se asemellan unhas ás outras; hai que darlles tempo», comenta Enríquez. Claro que «o pequeno éxito —aclara Castaño— sempre ten que pasar por algo que non sexa o talento desa persoa. E se se é muller, máis».

A elas o xénero non lles resta obxectividade. Non se senten recoñecidas noutra muller polo mero feito de seren elas mulleres, mesmo pensan que nalgúns casos a clasificación por razón

**«Ao recitar, o corpo da muller reverte na poesía. Eu cando recito entro en trance»**

LUPE GÓMEZ

**«Ser poeta non significa ser creativo. Eu cando vexo unha pedra non vexo máis que unha pedra»**

EMMA COUCEIRO

de sexo pode resultar artificiosa. Con todo, tanto Estibaliz Espinosa como Yolanda Castaño confesan que ás veces reparan en que, sen darse de conta, dun xeito natural, o seu interese é maior cara ao que crea unha muller que respecto ao que fai un home. Algunhas, como Rosa Enríquez, reivindicando o concepto de poeta á marxe do sexo da persoa; outras, como Estibaliz Espinosa, deféndense como «non poetas». O caso é que todas elas traballan coa palabra e iso faise notar nos «acordes e desacordes» suscitados por certos termos, tópicos en relación co oficio, que xorden na conversa, como orixinalidade e creatividade: «Ser poeta non significa ter unha mentalidade creativa. Eu cando vexo unha pedra non vexo nada máis que unha pedra» (Couceiro), «Escribir poesía implica creatividade»

(Enríquez), «Para min, ser poeta é unha casualidade» (Espinosa), «Hai que ser honestos, non deixar que ser poeta consista só nunha pose estética, nunha ansia de sofisticación» (Enríquez), «Si, mais é necesario cambiar os soportes da poesía, abríla a outras artes; trátase dunha cuestión de hibridade» (Otero), «Pero a poesía é algo anterior á estética» (Gómez), «Nós non nos permitimos o luxo de escribir cousas que non queiran dicir algo» (Castaño).

Nesta reportaxe, como elas advirten, bótanse de menos outras voces, como as de María do Cebreiro, Emma Pedreira, Lucía Aldao, Maite Dono, Olalla Cociña, Olga Novo ou Elvira Riveiro. Son as poetas da vangarda en feminino, que rexeitan o tópico, valoran a heteroxeneidade e reivindicanse como libres. Libres mesmo para non seguir escribindo poesía.